



PROXECTO
DOCUMENTAL
INTEGRADO DO CURSO
2015/2016

Contenido

1. INTRODUCCIÓN	3
1.1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.....	3
1.2. TEMPORALIZACIÓN	3
1.3. PARTICIPANTES.....	3
1.4. ORGANIZACIÓN	3
1.5. RELACIÓN CO CURRÍCULO	4
1.5.1. Competencias clave	4
1.5.2. Obxectivos	5
2. OBXECTO.....	6
3. DESCRICIÓN	7
3.1 POSTA EN MARCHA DO PDI.....	7
3.2 ACTIVIDADES LEVADAS A CABO DURANTE O CURSO	7
3.3 SUPERVISIÓNS DOS PROXECTOS	9
3.4 PRODUCTO FINAL, EXPOSICIÓN DOS NOSOS PROXECTOS.....	9
4-. DOCUMENTACIÓN.....	9
4.1-. PROFESORADO:	9
4.2-. ALUMNADO	9
5-. TAREFAS.....	9
6-. RECURSOS.....	10
7-. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA	10
8-. DIFUSIÓN	10
9-. AVALIACIÓN.....	11
10-. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO	12

1. INTRODUCCIÓN

1.1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

A ciencia atópase en todo o que nos rodea; estamos impregnados pola física, a química, a bioloxía, a tecnoloxía.....e non nos paramos a observalo. Por iso pensamos que este proxecto era unha boa ocasión para transmitir, non só ao alumnado, senón a toda a comunidade educativa, que a ciencia non é simplemente unha materia que ten un oco no horario e só se estuda na escola; a ciencia está tamén na casa e na rúa, en definitiva nas nosas vidas. Por iso consideramos crucial abrir as portas á comunidade educativa e tamén saír do centro para levar a ciencia polo mundo.

Outra das razóns que xustifica este proxecto, foi a idea de retomar os obradoiros interniveis, neste caso, dedicados á ciencia; e basear os nosos experimentos e investigacións no método científico.

A través deste proxecto, tratouse de fomentar o pensamento crítico e a aprendizaxe significativa a través da vinculación do ensino coa vida diaria.

Na sociedade na que nos atopamos na que existe unha rápida obsolescencia do coñecemento, resulta crucial formar cidadáns alfabetizados cientificamente, capaces de adaptase ós constantes cambios que os rodean.

Por último, con este proxecto buscouse poñer en valor o traballo científico e de investigación, levando con elo ao fomento de vocacións científicas.

1.2. TEMPORALIZACIÓN

No momento de redactar as liñas prioritarias de actuación na biblioteca para este curso, o equipo de biblioteca propuxo a todo o claustro o tema para o próximo PDI, que se decidiu por consenso.

No mes de xuño e tendo en conta as achegas feitas polos titores, faise unha distribución dos temas que se van traballar en cada nivel, tendo presentes os contidos curriculares para integralos e reforzalos.

En setembro, o equipo de biblioteca elabora un calendario co desenvolvemento deste proxecto, que se inicia coa posta en marcha do mesmo, a través da visita das científicas “diferentes”, no mes de outubro, dándoo a coñecer, ao mesmo tempo, a toda a comunidade educativa, que formará parte activa na realización do mesmo.

Este PDI, inclúese na PXA, e desenvólvese ao longo de todo o curso, tal como se explica no apartado de descrición do mesmo, e remata coa exposición dos proxectos de aula, que ten lugar nas dúas primeiras semanas do mes de xuño.

1.3. PARTICIPANTES

Todo o alumnado (354 nenos e nenas de educación infantil e primaria) participou nas propostas de actividades integradas no PDI e levadas a cabo ao longo de todo o curso. O 90% do profesorado, tamén se involucrou no desenvolvemento do mesmo. Convén salientar tamén o interese e participación doutros membros da comunidade escolar.

1.4. ORGANIZACIÓN

O Equipo de Biblioteca, propuxo o tema, tendo en conta o interese que suscitaba no alumnado a realización dos experimentos, e a idea dunha ampla maioría do profesorado, de retomar os obradoiros interniveis, centrados neste tema. Establecendo como unha prioridade o coñecemento e seguimento dos pasos do método científico nas nosas pescudas e experimentacións. Así como a necesidade de facer exposicións orais con apoios gráficos, informáticos etc., para outros membros da comunidade escolar.

A proposta é aprobada polo claustro e incluída na PXA.

Establécense os temas dos proxectos de nivel e pasan a integrarse nas programacións didácticas.

Grazas ás reunións semanais entre a xefatura de estudos e as coordinadoras dos demais equipos (TIC, Dinamización Lingüística, Actividades Extraescolares), conseguimos que todos eles colaboraran no desenvolvemento do proxecto; no que a biblioteca tentou ser un elemento dinamizador e integrador na actividade escolar; promovendo actividades e tarefas nas que participaron distintos membros da nosa comunidade dentro e fora do centro.

1.5. RELACIÓN CO CURRÍCULO

1.5.1. Competencias clave

O propósito da elaboración e posta en marcha do PDI *Experiencia* foi que o alumnado aprendera e desenvolvera as competencias clave:

Comunicación lingüística: Co desenvolvemento deste PDI traballáronse as catro destrezas que compoñen a competencia lingüística:

- *Comprensión escrita*: Esta destreza traballouse a coa busca de información a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Consideramos a lectura como unha destreza básica para a aprendizaxe e como a principal vía de acceso a todas as áreas.
- *Comprensión oral*: Ampliaron o seu vocabulario en relación ós temas a desenvolver, grazas ás visitas de distintas persoas da comunidade educativa relacionadas coa ciencia.
- *Comunicación oral*: Constitúe unha parte básica do produto final do proxecto, xa que, na proposta do mesmo, se inclúe a exposición oral das súas investigacións.
- *Comunicación escrita*: Desenvolveuse a través das producións elaboradas polos alumnos e alumnas participantes neste proxecto, tales como murais e presentacións dixitais, entre outras.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: A realización deste proxecto supuxo un desenvolvemento do pensamento crítico pola utilización do método científico como forma de achegamento do alumnado á ciencia. Ademais, a través da posta en relevancia dos aspectos científicos presentes na vida cotiá, preténdese non só fomentar unha aprendizaxe significativa senón favorecer actitudes e valores positivos cara a ciencia.

Á marxe dos contidos traballados, neste proxecto centrámonos no desenvolvemento dos dominios de investigación científica e de comunicación da ciencia.

Competencia dixital: Para responder as preguntas postuladas na fase inicial dos proxectos utilizáronse, entre outras, bases de datos informáticas, o que requiriu a xestión, análise e interpretación desta información.

Ademais, realizáronse presentacións dixitais coa información obtida e traballada con anterioridade.

Aprender a aprender: Co método de traballo seguido para a realización deste proxecto elabórase unha planificación na que a meta de aprendizaxe e o plan de acción para acadala son explícitos e o alumnado participa na súa elaboración, converténdose en protagonista da súa aprendizaxe e favorecendo a motivación, a curiosidade e a necesidade de aprender, factores importantes no desenvolvemento da competencia de aprender a aprender.

Competencias sociais e cívicas: Moitas das actividades levadas a cabo baseáronse no traballo colaborativo que é un pilar básico para a interacción con outras persoas e grupos, baseándose no respecto mutuo e nas conviccións democráticas.

Ó mesmo tempo os apadriñamentos que estiveron tan presentes ó longo deste curso fomentaron a tolerancia, a comprensión, a negociación, a empatía, etc.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: Esta competencia cobra especial relevancia neste proxecto por estar incluída non só na forma de traballo xeral do traballo por proxectos, senón tamén

especificamente no tema escollido, pola súa relación ca investigación a través do método científico, na que se centraron os distintos proxectos levados a cabo neste PDI, potenciando a capacidade de análise, planificación, organización, toma de decisións e resolución de problemas.

Conciencia e expresións cívicas: Ó longo de todo o proceso estivo presente o desenvolvemento da iniciativa, a imaxinación e a creatividade. Potenciando as expresións artísticas que serviron con base para comunicar e compartir coñecementos, emocións e sentimentos.

1.5.2. Obxectivos

- *Favorecer a alfabetización múltiple.
- *Promover a investigación e a experimentación.
- *Coñecer e valorar o traballo científico e de investigación.
- *Poñer a ciencia ao alcance de todas as idades.
- *Fomentar a curiosidade e a creatividade.
- *Familiarizarse co método científico e seguir os seus pasos na realización dos nosos experimentos e investigacións.
- *Coñecer algúns científicos e científicas e a importancia e repercusión dos seus traballos.
- *Convidar a persoas relacionadas co centro e coa ciencia para que sexan parte do noso proxecto.
- *Compartir con toda a comunidade educativa as nosas experiencias e investigacións, abrindo o noso cole para compartilas e saíndo nós para levalas polo mundo.

2. OBXECTO

Desde o equipo de biblioteca propónse o PDI “ Experiencia” coa intención de fomentar unha alfabetización científica e unha aprendizaxe significativa, facendo ver ao alumnado a vinculación do tema coa vida diaria, impulsando a súa curiosidade e creatividade.

Para elo propuxéronse distintas tarefas e proxectos de aula.

Os nosos proxectos: Sementes. Vacinas. Fermentos. A auga. Transxénicos. Xenética. Bacterias.

Para que cada nivel levara a cabo o seu proxecto, o equipo de biblioteca, coa colaboración dos demais equipos, procurou ofrecer unha diversidade de fontes de información o máis ampla posible, escrita, on line, audiovisual, e oral... Neste senso tiveron gran relevancia as visitas que recibimos no centro para transmitirnos información sobre os temas a desenvolver; este tipo actividades, xunto coas xornadas compartidas coas familias e as nosas saídas, cumpriron un obxectivo básico na realización do noso proxecto: que toda a comunidade escolar formara parte constante e activa no desenvolvemento do mesmo.



3. DESCRICIÓN

Tal como se explica no apartado de temporalización e organización, a planificación do noso PDI comeza a finais do curso pasado e remata en xuño deste curso coas exposicións dos proxectos.

3.1 POSTA EN MARCHA DO PDI

Tratamos de despertar no alumnado a súa curiosidade, atención e creatividade introducindo unha actividade pracenteira que rompera totalmente a súa rutina e que levara consigo un gran número de estímulos sensoriais. Fixémolo a través da **visita dunhas científicas “diferentes” (Ribosoma e Mitocondria)** que, cun toque de humor, foron deixando pistas para que cada grupo coñecese o título do seu proxecto e poder comezar a súa labor de investigación. Para elo seis mestras do centro caracterizáronse para a ocasión e visitaron, por parellas, todas as aulas.

Ademais o equipo de biblioteca en colaboración cos demais equipos, puxeron ao alcance de todos material multimedia e crearon zonas especiais de material para axudar a que todos os cursos puxeran en marcha os seus proxectos.

3.2 ACTIVIDADES LEVADAS A CABO DURANTE O CURSO

VISITAS QUE NOS AXUDARON A AVANZAR CÓS NOSOS PROXECTOS

Ao longo do curso, fomos recibindo distintas visitas por parte da comunidade escolar, que nos axudaron cos nosos proxectos, viñeron ao cole novos científicos, antigos alumnos, pais dedicados á ciencia, persoal sanitario,

OBRADOIROS CIENTÍFICOS INTERNIVEIS.

Celebrados ao longo de todo o curso. A eles acoden xuntos padriños e afillados. Previamente, axudados polos carteis anunciadores que poñen os mestres, chegan a un consenso entre eles e logo anótanse, escollendo libremente onde queren acudir.

APADRIÑAMENTOS CIENTÍFICOS. Os padriños e os afillados, compartiron clases de ciencias e fixeron experimentos conxuntos.

“ DÍA DA CIENCIA PARA A PAZ.” Elaboramos un mural de gran tamaño que se atopa no hall de entrada do colexio, **“INVESTIGAMOS POR UN MUNDO MELLOR”**, que foi testemuña do baile da paz así como de visitas das familias e outras actividades

EXPERIENTROIDO. Alumnado, mestres, familias...todos nos disfrazamos de científicos, saímos á rúa para para bailar e cantar a canción que compuxemos para o noso proxecto: **“FAITE INVESTIGADOR”**
Compartimos coas familias o “experientroido”, fixemos carteis relacionados cos nosos proxectos para levalos á rúa, e creamos tamén unha zona de “fotocoll” científico.

MURAI E RECUNCHOS CIENTÍFICOS.

Creáronse varias zonas dedicadas ao proxecto:

Recuncho de laboratorio, no que fomos expoñendo materiais de laboratorio, para traballar o vocabulario e a súa utilidade.

Experinoticias, os nenos inmersos no proxecto da Voz da Escola foron seleccionando, recortando e expoñendo as noticias de prensa relacionadas coa ciencia, nun recuncho específico denominado Experinoticias para poñelo así o alcance de todo o centro.

Experiencia na prensa, recollemos os momentos nos que o noso proxecto foi noticia de prensa.

Reservamos para elo unha parede contigua á entrada da biblioteca; as alumnas e alumnos voluntarios foron os encargados de recortar e pegar as noticias de prensa nas que se falaba das actividades do centro relacionadas co noso proxecto de ciencia.

Murais, realizáronse nas aulas murais relacionados co tema de cada unha delas, que en ocasións serviron tamén para a exposición do seu produto final. Nos corredores realizáronse grandes murais: "EXPERIENCIA" coa colaboración de todos os cursos, que foi medrando a medida que avanzaban os nosos proxectos de aula; ampliándose con fotos, vocabulario, debuxos etc.. "INVESTIGAMOS POR UN MUNDO MELLOR" que se atopa no hall da entrada do centro e a pancarta "EXPERIENCIA NA RÚA".

Quen é quen? de mulleres científicas. Nesta actividade participaron todos os cursos do noso centro; cada un deles debía investigar sobre a **biografía dunha importante muller científica**, para logo **seleccionar a información e sintetizala** en catro puntos principais.

Reservamos unha zona específica para este xogo no noso corredor; nela montamos uns paneis nos que pegamos con velcro, por unha banda as fotos das científicas e por outra as súas biografías; trátase de ir lendo os datos na dirección correcta primeiro, para logo unha vez cambiados de sitio, ser capaces de **adivñar quen é quen** e colocar de novo cada foto coa biografía correcta. Todo o alumnado pode acceder ao xogo libremente ou acompañados polos mestres.

EXPERIENCIA NA RÚA.

O 8 de marzo, para celebrar o **día da muller**, decidimos levar a ciencia á rúa. Para poder desenvolver esta actividade, pedimos ao Concello a súa colaboración; reserváronnos unha zona da "Praza de Galicia" na que montaron para nós unha carpa, unhas mesas e megafonía. Ata alí trasladamos todo o material necesario para poñer en marcha a nosa actividade de "**Experiencia na rúa**", que se levou a cabo ao longo de toda a mañá.

Previamente uns grupos ocupáronse de facer **carteis anunciadores** que se levaron aos negocios para poñelos en lugares visibles e informar así da actividade, do día, da hora e do lugar onde se ía realizar.

Algúns fixeron **invitacións** para as familias.

Outros puxeron en marcha os **experimentos** que ían realizar na rúa, sen esquecerse de levar ben anotados todos os pasos do **método científico** para explicalo ao público asistente; buscaron o material necesario, vestiron as súas batas de investigadores e saíron do colexio "**dispostos a levar a ciencia polo mundo**". Unha vez máis, as familias colaboraron acompañándonos nesta actividade, apoiándonos no desprazamento, xunto con protección civil; e participando tamén nas actividades deste día.

As rapazas e rapaces de 5º, sacaron á rúa o xogo de **quen é quen? de mulleres científicas**, primeiro, por parellas, foron lendo as biografías e mostrando as fotos, para logo, "desafiar" a xogar a todos os asistentes. Para comprobar os erros e acertos as tarxetas levaban uns distintivos na parte de atrás, de tal xeito que as parellas tiñan o mesmo símbolo, ademais, dispuñan dun **código QR**, así os xogadores asegurábanse dos seus acertos utilizando os seus teléfonos móbiles.

Os grupos e as actividades foron rotando ao longo de toda a mañá, e mesmo compartimos tamén un tempo de baile ao ritmo da nosa canción: "Faite investigador".

EXPERIENCIA EN FAMILIA. As familias tamén compartiron con nos distintas actividades que formaron parte do proxecto; acudiron ao centro para facer experimentos cos seus fillos, sobriños, netos....., leron contos na biblioteca, relacionados co noso proxecto, como "Xaime e as landras" ou "O carballo con botas"....., sementamos xirasoles, e tamén fixemos un obradoiro de xabóns con aromas naturais de eucalipto, manzanilla, caléndula....., compartimos coas familias as nosas investigacións e os nosos xogos.

CONTACTO CO LABORATORIO DE XENÉTICA. Neste curso puxémonos en contacto coa científica Laura Elena Sánchez Piñón, da USC, que nos informou sobre o traballo que levan a cabo no laboratorio de

xenética da facultade de veterinaria de Lugo cós peixes cebra, e sobre o proxecto “ una cebra en el auga” que se levou a cabo en centros de secundaria anos atrás .

Dous membros do equipo de biblioteca do noso centro, visitamos o seu laboratorio, e os alumnos de 5º fixeron un traballo sobre o coidado dos peixes cebra : primeiro elaboraron un esquema individual , entre eles escolleron o que lles pareceu mellor para subir ao “Edixgal”e logo un equipo de 5 alumnos montou unha presentación de diapositivas en “Impress”

3.3 SUPERVISIONS DOS PROXECTOS

1ª SUPERVISIÓN VISITA DE IGOR E IGOR. Axudantes de laboratorio das científicas RIBOSOMA e MITOCONDRIA, viñeron a comprobar a pegada que deixara a visita das súas “xefas” e **supervisar** que os nosos traballos estaban en marcha; pero ademais tiñan outro cometido , **contarnos contos científicos de medo.**

2ª SUPERVISIÓN VISITA DE RIBOSOMA E MITOCONDRIA no experimento tivemos a segunda supervisión das nosas científicas para comprobar os avances realizados nos diferentes proxectos.

3.4 PRODUCTO FINAL, EXPOSICIÓN DOS NÓSOS PROXECTOS.

Despois da realización dos nosos proxectos, chegou o momento de comunicalo aos demais. Todos os grupos fixeron as súas exposicións baseadas na comunicación oral apoiándose en distintos soportes gráficos ou audiovisuais.

Este intercambio de saberes comezou entre padriños e apadriñados e estendeuse aos demais grupos.

Así todos aprendemos sobre: sementes, vacinas, fermentos, auga, transxénicos, xenética e bacterias, e coñecemos tamén os procesos que seguiron os nosos compañeiros para a consecución dos seus proxectos.

4-. DOCUMENTACIÓN

4.1-. PROFESORADO:

- Elaborouse unha guía para o profesorado coa distribución dos diferentes temas para cada nivel.
- Engadiuse na aula virtual do colexio un apartado con diferentes enlaces e informacións para o desenvolvemento dos proxectos de cada aula.
- Fíxose un calendario coa distribución das tarefas programadas para o curso
- Habilitáronse zonas con material específico para o desenvolvemento do PDI
- Redactáronse notas informativas
- Realizáronse enquisas e táboas de avaliación

4.2-. ALUMNADO

- Carteis informativos dos obradoiros científicos
- Elaboración de pistas para descubrir a palabra clave do proxecto a desenvolver
- Deseño da ruta a seguir na busca de información na sección de consulta da biblioteca
- Guías cos pasos a seguir na elaboración dos documentos do proxecto
- Deseño dos patróns para a elaboración dos disfraces de Antroido
- Composición da canción “Faite investigador”

5-. TAREFAS

Dentro da ampla variedade de tarefas levadas a cabo o longo do desenvolvemento do PDI destacamos as seguintes:

- Busca e selección de información
- Asembleas positivas coa información obtida, debate e toma de consenso.
- Busca e selección de material para a realización dos experimentos

- Explicación oral dos pasos a seguir en cada un dos experimentos.
- Realización de diferentes experimentos baseándonos nos pasos do método científico
- Realización de diferentes murais expositivos
- Actividades de traballo colaborativo entre padriños e apadriñados e tamén nos grupos aula
- Exposición dos traballos realizados utilizando diferentes soportes.
- Utilización de diferentes técnicas plásticas na realización dos murais así como na decoración dos seus disfraces
- Emprego de diferentes programas informáticos para a elaboración de textos, carteis, diapositivas...
- Elaboración do xogo didáctico QUEN E QUEN DE MULLERES CIENTÍFICAS
- Realización de diferentes obradoiros e experimentos coas familias
- Apertura a toda a comunidade educativa das nosas exposicións compartindo con todos unha xornada lúdica e didáctica

6-. RECURSOS

Entre os diferentes recursos materiais e humanos dos que dispuxemos no desenvolvemento do PDI destacamos os seguintes:

- Todo o profesorado implicado no mesmo en maior ou menor grao
- Documentación de consulta da biblioteca do centro e aportacións das familias
- Direccións e enlaces a diferentes páxinas webs e blogs educativos
- Disposición horaria de acceso os ordenadores do centro
- Apartación de material audiovisual referentes a cada proxecto
- Elaboración de vídeos coas actividades realizadas.

7-. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A implicación da comunidade educativa no desenvolvemento do PDI foi constante durante todo o curso; contamos coa colaboración do equipo directivo e os diferentes departamentos do centro.

As familias tamén constituíron un grande apoio para a realización das visitas, saídas e actividades levadas a cabo así como na aportación de materiais.

O concello colaborou tamén no desenvolvemento de actividades como EXPERIENCIA NA RUA poñendo a nosa disposición o espazo e medios auditivos necesarios para levala a cabo.

Dende o barrio recibimos tamén unha grande aceptación e colaboración, quedando moi agradecidos pola invitación do centro a participar nas múltiples actividades que se levaron a cabo.

8-. DIFUSIÓN

Para que o noso traballo chegara o mais lonxe posible tivemos un contacto estreito coa prensa local a cal publicou diferentes artigos relacionados coa EXPERIENCIA . Todos eles poden atoparse nos seguintes enlaces:

<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2015/10/23/ciencia-toma-vida-o-pineirino/1336867.html>

<http://www.farodevigo.es/multimedia/fotos/galicia/2015-10-22-8006-ciencia-toma-vida-pineirino.html>

http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/arousa/vilagarcia-de-arousa/2015/10/23/experiencia-aulas-colegio-pineirinofermin-bouza-brey-ou-pegada-du-intelectual-arousa/0003_201510A23C12991.htm

<http://www.lavozdeg Galicia.es/album/arousa/vilagarcia-de-arousa/2016/03/08/experiencia-pineirino-desembarca-plaza-galicia/01101457454464455787503.htm>

<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2015/10/23/ciencia-toma-vida-o-pineirino/1336867.html>


Ademais houbo información continua do desenvolvemento do proxecto para que toda a comunidade educativa participara no mesmo ; realizáronse vídeos das diferentes actividades que se fixeron chegar as familias.

Na páxina web do centro existe un apartado no que se recollen novas sobre o proxecto e as actividades que se levaron a cabo.

9-. AVALIACIÓN

A avaliación do PDI estruturámola nos seguintes apartados:

- PARTICIPACIÓN como sinalamos en apartados anteriores participou todo o alumnado así como a maioría do profesorado. Os alumn@s foron os protagonistas da súa propia aprendizaxe tendo sempre presente a competencia de APRENDE A APRENDER.
- APERTURA implicamos as familias en todo momento e o proxecto tuvo unha grande aceptación e repercusión social abrindo o noso cole a toda a comunidade e saíndo nos polo mundo para compartir os nosos avances.
- APRENDIZAXE a planificación dos proxectos incorporouse as programacións didácticas de aula, traballáronse os contidos relacionados coas diferentes disciplinas e competencias clave.
- DESFRUTE as actividades realizadas resultaron moi satisfactorias para o alumnado, mestres e familias. Para recoller o grado de consecución e satisfacción do PDI realizáronse diferentes enquisas que reflicten a valoración das diferentes actividades



10-. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO

O papel da biblioteca foi crucial no desenvolvemento do proxecto xa que propuxo o tema do curso, tendo en conta o currículo escolar e avaliando as necesidades do centro.

En coordinación coa xefatura de estudos e os demais equipos do centro levou a cabo:

- Deseño de contidos e actividades
- Organización de exposicións
- Planificación de saídas e visitas relacionadas co desenvolvemento do proxecto
-

Outras das actividades que partiron da biblioteca son por exemplo:

- Colaborar na formación do alumnado na busca, recollida, selección e tratamento da información.
- Servir de canle entre o centro e a comunidade propoñendo actividades que involucran a todos eles, e difundindo entre as familias información sobre os avances das nosas investigacións.
- Supervisar a marcha dos proxectos e avaliando os resultados e grao de satisfacción do membros participantes no PDI
- Coordinar todas aquelas actividades de difusión do PDI

Material anexo

- Vídeos das actividades realizadas no centro
- Vídeo de EXPERIENCIA NA RÚA
- Imaxes dos diferentes murais
- Xornada de Experiencia coas familias
- Exposición das sementes
- Impress “coidado dos peixes cebra”
- Revista escolar <http://www.edu.xunta.es/centros/ceippineirino/?q=taxonomy/term/53>
- URL da páxina web do cole sección PDI